

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E  
LITERATURA  
CURSO 2021-2022**

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

*CPI Curros Enríquez*  
Pazos de Borbén (Pontevedra)

A handwritten signature in blue ink on a light-colored background. The signature is highly stylized and cursive, appearing to be 'M. C. Álvarez Lebrede'.

Asdo.: María de la Concepción Álvarez Lebrede

Xefa do Dpto. de Lingua Castelá e Literatura

CPI *Curros Enríquez* (Pazos de Borbén)

## ÍNDICE

1. Introducción: marco legal .....	4
2. Datos do Departamento de Lingua Castelá e Literatura .....	5
3. Contexto .....	6
3.1. Características do centro e do alumnado .....	6
3.2. Obxectivos adaptados ao contexto do noso centro .....	7
4. Relación dos distintos aspectos curriculares para cada unidade .....	9
4.1. Currículo de 1º de ESO .....	11
4.2. Currículo de 2º de ESO .....	20
4.3. Currículo de 3º de ESO .....	33
4.4. Currículo de 4º de ESO .....	52
5. Concreción dos contidos por unidade didáctica .....	81
5.1. Nivel 1º de ESO .....	81
5.2. Nivel 2º de ESO .....	83
5.3. Nivel 3º de ESO .....	85
5.4. Nivel 4º de ESO .....	86
6. Metodoloxía .....	88
6.1. Principios metodolóxicos xerais .....	88
6.2. Rutinas de pensamento .....	89
6.3. Destrezas de pensamento... ..	91
6.4. Técnicas de traballo cooperativo .....	92
6.5. Técnicas de aprendizaxe activa .....	96
6.6. Outras estratexias metodolóxicas .....	97
6.7. Agrupamento dentro da aula .....	98
6.8. Materiais de traballo .....	98
7. Avaliación .....	100
7.1. Procedementos de avaliación inicial .....	100
7.2. Procedementos para a avaliación continua e a cualificación .....	100
7.3. Procedemento de avaliación final .....	103
7.4. Avaliación de materias pendentes .....	104
7.4.1. Contidos esixibles aos alumnos con materias pendentes .....	104
7.4.2. Programa de reforzo para os alumnos con materias pendentes .....	104
7.4.3. Actividades de avaliación e procedemento de cualificación dos alumnos con materias pendentes .....	105
7.4.4. Recuperación de materias pendentes mediante a avaliación continua do nivel superior no que ese atopa matriculado o alumno .....	105
8. Avaliación do ensino, da práctica docente e da propia programación .....	106
9. Atención á diversidade .....	109
9.1. Medidas ordinarias .....	109
9.2. Medidas extraordinarias .....	110
10. Actividades complementarias e extraescolares .....	111

## 1. Introducción e marco legal.

O curso 2021-22 volve estar condicionado pola pandemia causada polo coronavirus COVID-19 e esta programación non pode ser allea a un problema que, estando presente en todos os terreos das nosas vidas, é especialmente espiñento no ámbito escolar, onde convivimos diariamente en espazos pechados un número considerable de persoas de núcleos familiares diferentes. A programación supeditase ao último protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-22 aprobado polo Comité Clínico o 6 de xullo de 2021, e, por suposto, ao plan específico adoptado no CPI Curros Enríquez, de Pazos de Borbén. Isto ten consecuencias metodolóxicas, o mesmo que indicamos na programación do curso anterior cando as medidas de precaución aínda eran máis restritivas. Concretamente, afecta á metodoloxía de traballo cooperativa, mediante a que os alumnos en grupos pequenos poden adquirir de forma autónoma unha grande parte dos coñecementos e a profesora serve de guía ou mentora nesa aprendizaxe autosuficiente. Aínda que non descartamos totalmente a aprendizaxe cooperativa (de feito, o protocolo da Xunta aconséllao), o certo é que a norma que obriga a que os alumnos da ESO estean en todo momento sentados coas mesas e cadeiras orientadas nun mesmo sentido de cara ao profesor, impide un traballo conxunto eficaz. Afortunadamente, levántase a prohibición de compartir material (aínda que se mantén a precaución e a desinfección frecuente dentro do posible), o que vai posibilitar parcialmente a gamificación que tiñamos programada, pois varias actividades lévanse a cabo mediante o uso de xogos de mesa, que de forma lúdica pretenden asentar os coñecementos que os alumnos deben adquirir.

Este curso imos volver servirnos dun proxecto moi innovador para aprendizaxe da lingua e a literatura: o proxecto Asterisco, cuxos materiais comercializa a editorial Didacta+. Aínda que non imos cambiar todo o material de traballo, pois continúa tendo vantaxes no contexto provocado polo COVID, somos conscientes de que algúns dos puntos fortes do método dificilmente se poden levar á práctica se somos escrupulosos coas precaucións fronte á covid e o carácter innovador debilítase abondo polas restricións de carácter sanitario. Non descartamos todos os aspectos innovadores; de feito, pero algúns deles, por exemplo, as rutinas de pensamento poden adaptarse para seren aplicadas de forma individual, sen compartir material nin xuntarse en equipos que interactúen cara a cara.

Polo demais, este documento baséase principalmente, como o ano pasado, nos seguintes documentos legais:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, secundaria e bacharelato.
- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico

2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación recolle os aspectos sinalados na resolución do 27/07/2015 tales como a adaptación ao contexto; a temporalización dos contidos; a contribución ás competencias clave, os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe; os procedementos e instrumentos de avaliación en relación con cada un dos estándares; os materiais e recursos didácticos; as concrecións metodolóxicas; os criterios de cualificación; as medidas de atención á diversidade; os procedementos de recuperación de materias pendentes; as actividades complementarias e extraescolares; o procedemento de revisión, avaliación e modificación da programación.

Por outra parte, na programación e temporalización dos contidos houbo que ter en conta as modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das educación secundaria, en concreto, **a desaparición da convocatoria extraordinaria e a separación temporal entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria** (Orde do 25 de xaneiro de 2022, DOG do 11 de febreiro, coa consecuencia lóxica da redución do tempo dispoñible para desenvolver contidos novos e o establecemento dun período de dúas semanas, aproximadamente, no mes de xuño, para realizar actividades de reforzo e recuperación.

## 2. Datos do Departamento

**Xefatura do Departamento:** María de la Concepción Álvarez Lebrede

Materia	Curso	Grupos	Profesora
Lingua castelá e literatura	1º	A	María de la Concepción Álvarez Lebrede
Lingua castelá e literatura	1º	B	Rosa María Vázquez Fontaiña
Lingua castelá e literatura	2º	A	María de la Concepción Álvarez Lebrede
Lingua Castelá e literatura	2º	B	Rosa María Vázquez Fontaiña
Lingua castelá e literatura	3º	A	María de la Concepción Álvarez Lebrede
Lingua castelá e literatura	4º	A	María de la Concepción Álvarez Lebrede
Reforzo de lingua castelá dentro da aula común.	1º 2º 3º 4º	B B	Lorena María Martínez Fernández (PT)

### 3. Contexto

#### 3.1. Características do centro e do alumnado

O CPI *Curros Enríquez*, que ofrece estudos de educación infantil, primaria e secundaria. está situado no concello de Pazos de Borbén, na provincia de Pontevedra, nunha **área** rural pero non lonxe dalgúns centros urbanos: está a 8 km da vila de Redondela e a pouco máis 20 km das cidades de Vigo e Pontevedra, o que en circunstancias normais permite os desprazamentos para realizar visitas culturais, pero que este ano serán máis difíciles de realizar debido á situación de pandemia.

É un centro pouco masificado, con grupos pouco numerosos nos cursos de educación secundaria, o que é unha grande vantaxe nestes anos especiais que estamos vivindo, pois a adaptación é máis doada que nos centros da cidade.

O **nivel sociocultural** das familias é medio-baixo. A maior parte dos pais realizan actividades laborais nos sectores primario e servizos. Moi poucos desempeñan profesións liberais ou posúen estudos universitarios. Condicionados polo entorno social, unha parte dos alumnos ven a educación secundaria obrigatoria como un tempo de espera para incorporarse ao mundo laboral. Estas **características** condicionan o desenvolvemento das clases e non podemos ignoralas á hora de realizar a programación. Aínda que o número de alumnos que queren realizar o Bacharelato aumentou nos últimos anos, moitos seguen a escoller o camiño da Formación Profesional. A nosa programación, aínda que adaptándose os seus intereses e características, non pode esquecer o carácter propedéutico desta etapa educativa: é necesario preparamos para os estudos non obrigatorios e cumprir as esixencias do currículo.

A **lingua materna** que utilizan os alumnos é, maioritariamente, o galego, aínda que o número de falantes de castelán como lingua primeira foi medrando nestes últimos anos. Afortunadamente, cada vez son menos os alumnos que teñen dificultades para expresarse en castelán de forma oral. Con todo, a competencia comunicativa adoita ser bastante baixa; o léxico, moi reducido; e a ortografía, moi defectuosa. Todo isto dificulta o traballo nas clases e obriga a centrar a programación nos aspectos comunicativos de comprensión, expresión e composición orais e escritas.

O centro educativo está dotado cos **recursos** necesarios para levar á práctica esta programación (como biblioteca, aula de informática con conexión a Internet e aparatos

reprodutores de DVD/CD e pantallas dixitais), aínda que a posibilidade de contaxio obriga a facer un uso máis restrinxido dos medios compartidos. Afortunadamente, os alumnos de 1º contarán cun ordenador persoal grazas á que a materia incorporouse este ano, xunta outras, ao proxecto EDIXGAL.

A relativa proximidade das cidades facilita teoricamente o acceso aos recursos culturais como bibliotecas, museos, teatros, sedes de xornais etc., pero na práctica o custo de desprazar a un número reducido de alumnos fai ás veces inviables algunhas actividades interesantes. Estas dificultades aumentan considerablemente pola situación sanitaria, facendo case infactible o desprazamento ás cidades.

Neste curso, ademais, debemos sinalar que aos habituais alumnos con **necesidade de apoio educativo**, hai que sumar un conxunto de alumnos con problemas varios que afectan ao seu rendemento escolar: problemas de déficit de atención (con e sen hiperactividade), problemas de integración, de comportamento, e problemas coa linguaxe escrita. A todos eles debemos prestarlles unha atención especial. Tamén debemos procurar que o clima da clase sexa o máis adecuado para a aprendizaxe e a convivencia escolar pacífica.

A traxectoria de varios alumnos aconsella establecer clases de reforzo, coa axuda da especialista en Pedagogía Terapéutica. Ao longo do trimestre, valoraremos a necesidade de adoptar outras medidas significativas.

### **3.2. Obxectivos adaptados ao contexto do noso centro**

Esta programación contribúe aos obxectivos da ESO recollidos no **decreto 86/2015**, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. A continuación adaptamos eses obxectivos ao contexto do noso centro escolar e da nosa materia de Lingua Castelá e Literatura:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo acatando as normas básicas que o regulan; afianzar a necesidade de igualdade no trato con todas as persoas independentemente das súas características persoais, facendo especial fincapé na igualdade entre homes e mulleres; prepararse mediante a toma de decisións, a asunción de responsabilidades na realización de tarefas e a interacción cos compañeiros e co profesor para o exercicio da cidadanía libre, responsable e democrática.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas; en especial, adquirir e fortalecer a estima propia e a confianza nas capacidades de cada un para realizar tarefas progresivamente máis complexas con dignidade, e rexeitar calquera tipo de discriminación e comportamento violento, con atención particular ás manifestacións verbais tanto orais como escritas que supoñan calquera tipo de prexuízo.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico, especialmente na utilización das bibliotecas, os dicionarios, a prensa escrita e dixital e as tecnoloxías da información e comunicación (TIC).
- g) Desenvolver a iniciativa persoal, a participación, o sentido crítico e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións, asumir responsabilidades e realizar con éxito as tarefas escolares, individuais e en grupo, con orixinalidade e corrección. Desenvolver a capacidade crítica respecto as súas propias producións, analizándoas, mellorándoas e revisándoas as veces que sexa necesario.
- h) Comprender mensaxes e textos orais e escritos de distintos tipos e de complexidade media en lingua castelá, con especial atención aos textos literarios e aos procedentes dos medios de comunicación, e expresarse oralmente e por escrito con corrección, coherencia e adecuación, respectando as normas ortográficas e morfosintácticas do castelán en textos de modalidades discursivas distintas e con finalidades comunicativas diferentes. Establecer os paralelismos pertinentes entre os textos en castelán e os producidos en lingua galega e reforzar os coñecementos lingüísticos en ambas as dúas linguas mediante a comparación.
- i) Reforzar os coñecementos das linguas estranxeiras que estudan na ESO mediante a análise e reflexión dos fenómenos lingüísticos, e a comparación dos distintos sistemas lingüísticos.
- l) Coñecer, valorar e respectar o noso patrimonio artístico e cultural, en particular o patrimonio literario hispano, interpretando adecuadamente as circunstancias históricas que rodearon a súa produción. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura, a lingua e a literatura española e europea, especialmente, os escritores que merecen formar parte da historia da literatura en lingua castelá, con especial atención aos escritores galegos en lingua castelá.



- m) Coñecer e desenvolver hábitos saudables e valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, a sexualidade, o coidado do medio ambiente, as relacións sociais e a conservación do patrimonio.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas en xeral e literarias en particular, comprendendo as relacións entre as distintas artes e o concepto de tradición. Fomentar o hábito da lectura e contribuír ao gozo da experiencia estética que provoca o acto de ler.
- ñ) Respetar a diversidade lingüística e cultural como dereito das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio dese dereito. Valorar a importancia do bilingüismo en Galicia e desenvolver actitudes de respecto e interese polos dous sistemas lingüísticos que conviven na nosa comunidade. Fomentar o uso das dúas linguas (galego e castelán) e comprender a súas relacións e diferenzas como medio para mellorar a competencia comunicativa.
- o) Coñecer e valorar a importancia da lingua castelá no mundo, como elemento vertebrador dos países de orixe hispana. Desenvolver unha actitude de interese pola complexidade da nosa lingua e pola utilidade dun sistema lingüístico con tan grande potencial socioeconómico. Valorar a presenza do castelán en Galicia como medio de relación interpersoal e expresión da riqueza cultural da nosa contorna.

#### **4. Relación dos distintos aspectos curriculares para cada curso**

Nas táboas seguintes relaciónanse os aspectos curriculares máis importantes correspondentes a cada un dos cursos da ESO: bloque de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, peso relativo do estándar (expresado en porcentaxes), mínimo esixible de cada estándar, temporalización (indicando o trimestre en que se traballan os contidos correspondentes a cada criterio/estándar), instrumentos e procedementos de avaliación, e competencias clave que se traballan e avalían en cada caso.

As dimensións do folio A4 desaconsellounos engadir unha columna referida aos contidos, pero debe interpretarse que os contidos que deberían aparecer en cada unha das ringleiras da táboa son os que o Decreto 86/2015, do 25 de xuño sinala como correspondentes a cada criterio de avaliación, que si aparecen referenciados na primeira columna das táboas.

Pareceunos, por tanto, unha información redundante. Por outra parte, os contidos (enunciados dunha forma moi xeral no currículo oficial) concrépanse nunha táboa inferior

(apartado 6 desta programación) onde aparecen enunciados da forma máis específica posible (dentro das necesidades de brevidade que supón unha táboa) para cada unidade didáctica de cada curso.

As **competencias clave** son exactamente as contidas na orde **ECD/65/2015, do 21 de xaneiro** (BOE do xoves 29 de xaneiro de 2015) que, pola súa parte, contén as que se recollen na **Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello**, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente. Na táboa que segue aparecen nomeadas por medio de siglas, que son as seguintes:

**CCL:** Comunicación lingüística.

**CD:** Competencia dixital.

**CAA:** Competencia para aprender a aprender.

**CSC:** Competencias sociais e cívicas.

**CSIE:** Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

**CEC:** Conciencia e expresión cultural

## 4.1. Currículo de 1º de ESO

## TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

<b>CURSO</b>	programación 2021-2022.		
<b>NIVEL</b>	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	<b>ÁREA</b>	Lingua castelá e literatura (LCL)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
<b>Bloque 1 : Comunicación oral: escotar e falar</b>							
LCL-B1.1	LCLB1.1.1 - Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.  Peso: 5.45%	Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral, en especial, respecta as quendas de palabra, escoita aos compañeiros e pide permiso para falar.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común.	CCL CSC
LCL-B1.2	LCLB1.2.1 - Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.  Peso: 1.81%	Intervén nalgúns comunicativos orais espontáneos que xurden do desenvolvemento das clases diarias e na maioría dos actos comunicativos orais planificados que propón o profesor ao longo do curso, e valora a súa participación.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSIEE
LCL-B1.3	LCLB1.3.1 - Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.  Peso: 1.81%	Coñece os trazos máis básicos na produción de discursos orais sinxelos relacionados coa claridade expositiva (orde lóxica, frases precisas), a adecuación (escollo de rexistro formal ou coloquial segundo proceda) e a cohesión (emprego de conectores e substitución léxica).	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL CAA

LCL-B1.3	LCLB1.3.2 - Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.  Peso: 1.81%	Mellora ao longo do curso os aspectos non verbais da comunicación oral, especialmente o ton de voz e os movementos do corpo e a transición entre enunciados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais.	CD
LCL-B1.3	LCLB1.3.3 - Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.  Peso: 1.81%	Analiza as súas intervencións orais planificadas e é quen de sinala ao rematar un aspecto mellorable delas. De igual xeito, pode recoñecer erros significativos nas producións orais dos demais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Cuestionarios.  INSTRUMENTOS: Posta en común. Cuestionario aberto.	CAA
LCL-B1.4	LCLB1.4.1 - Realiza presentacións orais.  Peso: 5.45%	Realiza presentacións orais sinxelas planificadas (narrativas e descritivas principalmente) cun longo prazo de preparación, para as que coñecerá previamente os aspectos que serán avaliados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Rúbrica.	CCL
<b>Bloque 2: Comunicación escrita: ler e escribir</b>							
LCL-B1.5	LCLB1.5.1 - Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.  Peso: 1.81%	Improvisa situacións comunicativas breves e sinxelas con certo grao de soltura, como unha chamada telefónica ou unhas indicacións para chegar a un lugar.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Xogos de simulación e dramáticos.	CSC
LCL-B2.1	LCLB2.1.1 - Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias,	Recoñece as ideas principais dun texto narrativo, descritivo ou expositivo oral.		X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Posta en común. Proba aberta.	CCL

	comprendendo as relacións entre elas.  Peso: 5.45%						
LCL-B2.1	LCLB2.1.2 - Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe.  Peso: 1.81%	Entende as instrucións para as tarefas de clase e os enunciados das probas escritas, entre as que atopará algunhas instrucións encadeadas onde a realización dunha fase é determinante para a realización da fase seguinte.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LCL-B2.1	LCLB2.1.3 - Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.  Peso: 1.81%	Narra unha historia sinxela a partir dunhas imaxes, e extrae información básica de fotografías, gráficos e esquemas que é capaz de verbalizar por escrito con certa claridade e orde.		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Posta en común. Diario de clase.	CMCT
LCL-B2.2	LCLB2.2.1 - Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.  Peso: 1.81%	Busca información en internet de forma guiada e intégraa nun texto oral ou escrito.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Rexistro anecdótico (anecdótico).	CD
LCL-B2.2	LCLB2.2.2 - Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	Busca no dicionario o significado das palabras e escolle a acepción axeitada ao contexto de uso.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Diario de clase. Caderno de clase.	CD

PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO - EDUCACIÓN SECUNDARIA  
OBLIGATORIA

	Peso: 5.45%						
LCL-B2.2	LCLB2.2.3 - Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.  Peso: 1.81%	É capaz de solicitar os libros que precisa na biblioteca escolar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CD
LCL-B2.3	LCLB2.3.1 - Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.  Peso: 5.45%	Planifica os seus escritos, facendo esquemas que conteñan os elementos básicos do texto, e redacta borradores antes de escribir a versión definitiva.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSIE
LCL-B2.4	LCLB2.4.1 - Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.  Peso: 5.45%	Escribe textos sinxelos da vida cotiá ou social imitando o estilo de textos modelo pero variando o contido.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL
LCL-B2.4	LCLB2.4.2 - Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.  Peso: 5.45%	Escribe textos narrativos e descritivos curtos cun grao aceptable de corrección léxica, gramatical e ortográfica inspirados en textos modelo pero dotándoos de orixinalidade.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL

LCL-B2.4	LCLB2.4.3 - Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.  Peso: 1.81%	Realiza esquemas que recollan e organicen as ideas principais de textos fáciles e sinxelos.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT CD
<b>Bloque 3: Coñecemento da lingua</b>							
LCL-B3.1	LCLB3.1.1 - Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.  Peso: 5.45%	Recoñece os substantivos, adxectivos, verbos, pronomes, adverbios e preposicións dos textos.	X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas. Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Posta en común. Proba obxectiva. Lista de control/cotexo. Diario de clase.	CCL
LCL-B3.1	LCLB3.1.2 - Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.  Peso: 5.45%	Mellora ao longo do curso a súa ortografía corrixindo paulatinamente os erros máis frecuentes e graves que o profesor lle sinala nos seus escritos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL
LCL-B3.1	LCLB3.1.3 - Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.  Peso: 5.45%	Recoñece os verbos nos textos e escolle o tempo axeitado nas súas producións orais e escritas.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL

LCL-B3.2	<p>LCLB3.2.1 - Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.</p> <p>Peso: 1.81%</p>	<p>Busca de xeito autónomo no dicionario o significado das palabras que non coñece.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CD
LCL-B3.3	<p>LCLB3.3.1 - Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.</p> <p>Peso: 5.45%</p>	<p>Recoñece e usa axeitadamente conectores textuais variados nas súas producións orais e escritas e logra un nivel aceptable de cohesión evitando a repetición de palabras mediante a elipse e a substitución por sinónimos e antónimos.</p>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS:</p> <p>INSTRUMENTOS:</p>	CCL
LCL-B3.4	<p>LCLB3.4.1 - Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.</p> <p>Peso: 1.81%</p>	<p>Recoñece a intención comunicativa do emisor de enunciados sinxelos, asociándoa ás distintas modalidades oracionais.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.</p>	CSC CCL



LCL-B3.5	<p>LCLB3.5.1 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>Peso: 1.81%</p>	<p>Participa en pequenos proxectos de grupo que supoñan a realización dun produto onde se utiliza a lingua castelá e incorpora elementos noutras linguas do currículo escolar, evitando estereotipos e expresións ou afirmacións discriminatorias ou ofensivas.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Investigacións. Lista de control/cotexo.</p>	CCL CAA
LCL-B3.6	<p>LCLB3.6.1 - Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.</p> <p>Peso: 1.81%</p>	<p>Distingue as dúas linguas cooficiais (galego e castelán) sen mesturalas nas súas producións orais e escritas, evita progresivamente as interferencias e valora os uso de ambas as dúas linguas na comunidade escolar e social.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC
LCL-B3.7	<p>LCLB3.7.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.</p> <p>Peso: 1.81%</p>	<p>Relaciona os contidos estudados na clase de lingua castelá cos estudados nas outras linguas curriculares, especialmente, aplica os coñecementos aprendidos na materia de lingua galega para adquirir os de lingua castelá e para mellorar a comprensión e produción de textos, e é capaz de verbalizar os aspectos en común e as diferenzas entre as dúas linguas.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CAA
<b>Bloque 4: Educación literaria</b>							

LCL-B4.1	<p>LCLB4.1.1 - Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.</p> <p>Peso: 5.45%</p>	<p>Le e comprende de forma autónoma obras literarias sinxelas, axeitadas á súa idade e próximas aos seus intereses, tanto as dúas lecturas cooperativas que formar parte do proxecto Asterisco como outras que escolle libre e autonomamente.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Cuestionarios. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común. Cuestionario pechado. Resumo.</p>	CCL CCEC
LCL-B4.2	<p>LCLB4.2.1 - Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras.</p> <p>Peso: 1.86%</p>	<p>Fala na clase dos libros que le ao longo do curso destacando os aspectos que lle resultaron máis significativos, expresando a súa opinión, e compartindo e debatindo as súas impresións.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS:</p> <p>INSTRUMENTOS:</p>	CCEC
LCL-B4.2	<p>LCLB4.2.2 - Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.</p> <p>Peso: 1.86%</p>	<p>Le de forma dramatizada fragmentos teatrais, diálogos e poemas, expresando mediante a entonación e o ritmo os principais matices que o autor do texto pretendeu comunicar.</p>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Xogos de simulación e dramáticos.</p>	CCEC CSC
LCL-B4.3	<p>LCLB4.3.1 - Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa.</p> <p>Peso: 1.86%</p>	<p>Redacta textos literarios curtos e sinxelos orixinais imitando modelos lidos en clase e incorporando os elementos constitutivos do xénero que foron estudados na clase.</p>	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CCL CCEC

LCL-B4.3	<p>LCLB4.3.2 - Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.</p> <p>Peso: 1.86%</p>	<p>Desenvolve ao longo do curso o hábito de escribir e é capaz de expresar sentimentos, emocións e opinións sinxelas por escrito.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Textos escritos.</p>	CCEC CSIE
----------	---	---	---	---	---	--	--------------

\* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

## 4.2. Currículo de 2º ESO

## TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

<b>CURSO</b>	programación 2021-2022		
<b>NIVEL</b>	2º SECUNDARIA OBLIGATORIA	<b>ÁREA</b>	Lingua castelá e literatura (LCL)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
<b>Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar</b>							
LCL-B1.1	2º-LCLB1.1.1 - Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.  Peso: 1.19%	Recoñece en textos orais sinxelos da vida cotiá e social a intención comunicativa, as ideas principais e a estrutura, que representa nun esquema sinxelo.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común.	CCL
LCL-B1.1	2º-LCLB1.1.2 - Retén información relevante e extrae informacións concretas.  Peso: 1.19%	Retén a información máis relevante de textos orais e contesta preguntas sobre o seu contido.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Diario de clase.	CCL
LCL-B1.1	2º-LCLB1.1.3 - Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.  Peso: 1.19%	Comprende e executa instrucións orais para a realización de tarefas, de certa complexidade, nas que a execución dunha instrución depende da comprensión e realización da instrución anterior.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCL

LCL-B1.2	<p>2º-LCLB1.2.1 - Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.</p> <p>Peso: 3.57%</p>	<p>Recoñece en textos orais sinxelos de distintos tipos (narrativos, descritivos, instrutivos e expositivos) a intención comunicativa, as ideas principais e a estrutura básica, que representa nun esquema sinxelo.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común. Diario de clase.</p>	CCL
LCL-B1.2	<p>2º-LCLB1.2.2 - Retén información relevante e extrae informacións concretas.</p> <p>Peso: 3.57%</p>	<p>Retén a información máis relevante de textos orais e contesta preguntas sobre o seu contido.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común. Diario de clase.</p>	CCL
LCL-B1.2	<p>2º-LCLB1.2.3 - Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).</p> <p>Peso: 1.19%</p>	<p>Interésase polo significado das palabras descoñecidas: pregunta por elas, fai hipóteses baseadas no contexto e busca o significado no dicionario escollendo a acepción axeitada ao contexto de uso.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CAA
LCL-B1.2	<p>2º-LCLB1.2.4 - Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos,</p>	<p>Realiza resumos de textos breves de distintos tipos, integrando as ideas principais nun texto breve e</p>	X		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p>	CCL, CAA

	<p>expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.</p> <p>Peso: 1.19%</p>	<p>cohesionado, sen copiar literalmente o contido do texto orixinal.</p>				<p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	
LCL-B1.3	<p>2º-LCLB1.3.1 - Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.</p> <p>Peso: 1.19%</p>	<p>Analiza as intervencións dos compañeiros nos intercambios comunicativos orais que se realizan na clase e é quen de avaliar os aspectos máis salientables referidas á linguaxe, ao contido e á actitude dos interveñen no diálogo ou debate.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCL, CSC
LCL-B1.4	<p>2º-LCLB1.4.1 - Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</p> <p>Peso: 1.19%</p>	<p>Recoñece os aspectos básicos das produción de textos orais, como a claridade expositiva baseada nunha orde lóxica dos contidos e nunha linguaxe precisa; a adecuación baseada na escolla do rexistro axeitado á situación comunicativa; e a cohesión baseada no uso de enlaces discursivos, a variedade léxica e as relacións gramaticais básicas entre oracións.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CSIEE
LCL-B1.4	<p>2º-LCLB1.4.2 - Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da</p>	<p>Adquire ao longo do curso maior control dos elementos non verbais da comunicación oral, en especial, a entonación e o ritmo, o</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CD

	<p>xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.</p> <p>Peso: 1.19%</p>	<p>movemento de corpo e mans e a mirada.</p>					
LCL-B1.4	<p>2º-LCLB1.4.3 - Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.</p> <p>Peso: 1.19%</p>	<p>É capaz de sinalar ao remate das súas intervencións orais planificadas os aspectos mellorables da súa intervención (polo menos os máis significativos) e recoñece tamén os erros máis salientables das intervencións dos compañeiros, expresándoos de forma clara e respectuosa.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Entrevista. Posta en común.</p>	CAA
LCL-B1.5	<p>2º-LCLB1.5.1 - Realiza presentacións orais.</p> <p>Peso: 3.57%</p>	<p>Realiza intervencións orais de distintos tipos, planificadas cun tempo longo de preparación, respectando o tema e intención propostas polo profesor, e cun grao aceptable de corrección e soltura.</p>	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Rúbrica.</p>	CCL
LCL-B1.5	<p>2º-LCLB1.5.2 - Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.</p> <p>Peso: 1.19%</p>	<p>Realiza intervención orais non planificadas relacionadas cos aspectos que se estean traballando en cada momento, coa precisión e corrección esperables para unha situación espontánea.</p>	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CSC
LCL-B1.5	<p>2º-LCLB1.5.3 - Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.</p>	<p>Incorpora vocabulario novo, propio do nivel formal da lingua, as súas producións orais.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCL

	Peso: 3.57%						
LCL-B1.5	2º-LCLB1.5.4 - Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.  Peso: 1.19%	Pronuncia con corrección e claridade expresando coa súa entonación os matices expresivos axeitados para comprender a súa intervención oral.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL
LCL-B1.6	2º-LCLB1.6.1 - Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios.  Peso: 1.19%	Cumpre as instrucións e os requerimentos básicos establecidos polo profesor como básicos para cada intercambio comunicativo oral entre compañeiros, sexa diálogo ou debate.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC
LCL-B3.5	<p>4º-LCLB3.5.1 - Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e</p>	<p>Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común. Diario de clase.</p>	CD

	<p>progresa na aprendizaxe autónoma.</p> <p>Peso: 1.71%</p>						
LCL-B3.6	<p>4º-LCLB3.6.1 - Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.</p> <p>Peso: 1.71%</p>	<p>Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL
LCL-B3.6	<p>4º-LCLB3.6.2 - Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.</p> <p>Peso: 1.71%</p>	<p>Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.</p>	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CMCT
LCL-B3.6	<p>4º-LCLB3.6.3 - Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.</p>	<p>Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.</p>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL



	Peso: 1.71%						
LCL-B3.6	4º-LCLB3.6.4 - Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.  Peso: 0.57%	Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL
LCL-B3.7	4º-LCLB3.7.1 - Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.  Peso: 0.57%	Revisa os seus discursos orais e escritos para corraxilos ortográfica e gramaticalmente seguindo as indicacións do profesor.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Portfolio.	CCL
LCL-B3.8	4º-LCLB3.8.1 - Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilízalas nas propias producións orais e escritas.  Peso: 1.71%	Imita os aspectos máis salientables das estruturas expositivas e argumentativas nas súas producións escritas.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL
LCL-B3.8	4º-LCLB3.8.2 - Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).	Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).	X		X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Posta en común. Caderno de clase.	CSC, CCL

	Peso: 0.57%						
LCL-B3.8	<p>4º-LCLB3.8.3 - Describe os trazos lingüísticos máis sobresaíntes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	Identifica os trazos lingüísticos máis sobresaíntes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL
LCL-B3.8	<p>4º-LCLB3.8.4 - Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízalos nas producións propias.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízalos nas producións propias.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. Posta en común. Caderno de clase.</p>	CCL
LCL-B3.9	<p>4º-LCLB3.9.1 - Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CCL
LCL-B3.9	<p>4º-LCLB3.9.2 - Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que</p>	Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Posta en común.</p>	CCL

	<p>proporcionan cohesión a un texto.</p> <p>Peso: 1.89%</p>						
LCL-B3.10	<p>4º-LCLB3.10.1 - Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	<p>Recoñece diferencias de rexistro lingüístico en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CCL
LCL-B3.10	<p>4º-LCLB3.10.2 - Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplícao nos seus discursos orais e escritos.</p> <p>Peso: 1.71%</p>	<p>Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplícao nos seus discursos orais e escritos.</p>	X		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais.</p>	CSC
LCL-B3.11	<p>4º-LCLB3.11.1 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	<p>Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	X		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.</p>	CCL, CAA

LCL-B3.12	<p>4º-LCLB3.12.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	<p>Utiliza os coñecementos lingüísticos desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). Diario de clase.</p>	CAA
LCL-B4.1	<p>4º-LCLB4.1.1 - Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.</p> <p>Peso: 1.71%</p>	<p>Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Cuestionarios. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Cuestionario aberto. Traballo de aplicación e síntese.</p>	CCL
LCL-B4.1	<p>4º-LCLB4.1.2 - Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.</p> <p>Peso: 1.71%</p>	<p>Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común. Resumo.</p>	CCEC
LCL-B4.1	<p>4º-LCLB4.1.3 - Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.</p>	<p>Demostra un interese crecente por progresar na lectura, escollendo libros afíns aos seus gustos e intereses que supoñan un avance nas súa capacidade lectora.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). Diario de clase.</p>	CSIEE

	Peso: 0.57%						
LCL-B4.2	<p>4º-LCLB4.2.1 - Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).</p> <p>Peso: 0.57%</p>	<p>Reflexiona sobre as relacións existentes entre a literatura e outras manifestacións artísticas, especialmente a música, a pintura, o cine e a fotografía.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común. Caderno de clase.</p>	CCL
LCL-B4.2	<p>4º-LCLB4.2.2 - Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	<p>Coñece o concepto de tradición e recoñece personaxes, temas, tópicos e motivos tradicionais en manifestacións artísticas de todas as épocas ata a actualidade.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Posta en común. Caderno de clase.</p>	CCEC
LCL-B4.2	<p>4º-LCLB4.2.3 - Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	<p>Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CSC

LCL-B4.3	<p>4º-LCLB4.3.1 - Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	<p>Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común.</p>	CCL
LCL-B4.3	<p>4º-LCLB4.3.2 - Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	<p>Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando aspectos propostos por el mesmo.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	CSC, CSIEE
LCL-B4.3	<p>4º-LCLB4.3.3 - Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.</p> <p>Peso: 1.71%</p>	<p>Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Lectura en voz alta.</p> <p>INSTRUMENTOS: Observación e rexistro no caderno do profesor.</p>	CCL
LCL-B4.3	<p>4º-LCLB4.3.4 - Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.</p>	<p>Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.</p>	CCEC

PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO - EDUCACIÓN SECUNDARIA

OBRIGATORIA	Peso: 0.57%						
LCL-B4.4	<p>4º-LCLB4.4.1 - Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.</p> <p>Peso: 1.71%</p>	<p>Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. Posta en común. Diario de clase.</p>	CCL
LCL-B4.4	<p>4º-LCLB4.4.2 - Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	<p>Descubre nos textos e explica algunhas relación entre o contido da obra e o contexto e a intención do autor.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común. Caderno de clase.</p>	CAA
LCL-B4.5	<p>4º-LCLB4.5.1 - Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.</p> <p>Peso: 0.57%</p>	<p>Redacta textos persoais sinxelos de intención literaria a partir de modelos dados, imitando algunhas convencións do xénero con intención lúdica e creativa.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CCL

PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO - EDUCACIÓN SECUNDARIA

LCL-B4.5 OBRIGATORIA	4º-LCLB4.5.2 - Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus	Mostra unha capacidade crecente de analizar os seus sentimentos e expresar as súas ideas a través da escritura.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CAA
	proprios sentimentos.  Peso: 0.59%						
LCL-B4.6	4º-LCLB4.6.1 - Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.  Peso: 0.59%	Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, cun nivel aceptable de rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Investigacións.	CCL, CD
LCL-B4.6	4º-LCLB4.6.2 - Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.  Peso: 0.59%	Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose cun grao aceptable de claridade e coherencia.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común. Caderno de clase.	CCL, CSIEE
LCL-B4.6	4º-LCLB4.6.3 - Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.  Peso: 0.59%	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. Investigacións.	CD

\* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.



## 5. Concreción dos contidos por unidade didáctica.

As táboas seguintes conteñen os contidos concretos que se van estudar en cada avaliación en orde cronolóxica. Para cada un deles indícase:

- 1) A unidade didáctica na que se insiren (1ª columna da táboa). A unidade 0 de cada curso inclúe contidos de repaso e avaliación inicial.
- 2) O bloque de contidos ao que pertencen, dos catro que establece o decreto 86/2015, do 25 de xuño (DOG do 29706/2015), a saber:

Bloque B1 → Comunicación oral: escoitar e falar

Bloque B2 → Comunicación escrita: ler e escribir

Bloque B3 → Coñecemento da lingua

Bloque B4 → Educación literaria

Cada un dos bloques de contidos identifícase cunha cor diferente para facilitar a comprensión das táboas e a procura dun contido concreto entre os establecidos para cada curso.

b. O contido específico que se traballa en cada unidade didáctica, enunciado coa maior concreción posible, seguindo a orde de presentación na clase (columna central da táboa).

5) O mes en que se ten previsto traballar cada unidade didáctica.

6) O número de sesións previstas para cada bloque de contidos de cada unidade.

### 5.1. Nivel de 1º de ESO

Creado con [PROGRÁMAE de www.recursoseducativos.net](http://www.recursoseducativos.net)

#### 1ª AVALIACIÓN

UD	Bloque contidos	Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U0 <b>AVALIACIÓN INICIAL</b>	B1	Expresión oral (avaliación inicial): a anécdota.	SET.	2
	B2	Expresión escrita (avaliación inicial): resumo.		1

PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO - EDUCACIÓN SECUNDARIA  
OBRIGATORIA

	B1	B2	B4	Lectura (avaliación inicial): autonomía e comprensión lectora, expresión oral (textos narrativos). <i>La vuelta al mundo en ochenta días</i> . (Proxecto biblioteca).		8
U1	B1	B2		O texto dialogado oral y escrito	OUT.	5
U2	B3			Substantivos e adxectivos		6
U3	B1	B2		O texto instrutivo oral e escrito.	NOV.	4
U4	B3			Determinantes e pronomes		8
U5	B4			A literatura – Temas literarios		3
U6	B4			Xéneros narrativos: conto, lenda, mito e novela.	DEC.	6
U7	B3			Ortografía: letras e sons. Palabras agudas, graves e esdrúxulas.		3
U8	B2	B3		Léxico: o <b>dicionario</b> , a familia léxica, os hiperónimos e hipónimos. Léxico do mundo dos animais.		4

**2ª avaliación**

UD	Bloque contidos		Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U8	B1	B2	Texto narrativo oral e escrito.	XAN.	4
U9	B3		Os verbos		8
U10	B1	B2	Texto descritivo oral e escrito.	FEB.	4
U11	B3		Palabras invariables: adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.		3
U12	B4		Recursos literarios		5
U13	B4		Xénero lírico: versos, estrofas e poemas.	FEB./MAR.	5
U14	B3		Ortografía: ditongos e tritongos.	MAR.	4
U15	B3		Léxico: sentido literal e figurado; sinónimos e antónimos; vocabulario da cociña.		3

### 3ª avaliación

UD	Bloque contidos		Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U16	B1	B2	O texto expositivo oral e escrito.	MARZO	5
U17	B1	B2	O texto argumentativo oral e escrito.	ABR.	5
U18	B4		Xénero dramático: traxedia, comedia e traxicomedia.		4
U19	B3		Ortografía: as consonantes.	MAIO	3
U20	B3		Léxico: homónimos, polisemia. Léxico do mercado e do mundo da moda.		3
REPASO DE CONTIDOS BÁSICOS DO CURSO.					10

### 5.2. Contidos de 2º ESO

#### 1ª avaliación

UD	Bloque contidos		Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U0 <b>AVALIACIÓN INICIAL</b>	B3		Repaso dos tipos de palabras e da conxugación verbal.	SEP.	3
	B2		Repaso dos tipos de textos (modalidades textuais).		1
<b>AVAL. INICIAL</b>	B1	B2 B4	<b>Lectura (avaliación inicial): comprensión lectora, expresión oral. <i>Romeo y Julieta.</i></b>		7
U1	B3		Clases de palabras e grupos sintácticos.	SEP.	6
U2	B4		Xéneros literarios.		3
U3	B2		Funcións da linguaxe e rexistros.		3
U4	B1	B2	Texto narrativo oral e escrito	NOV	4
U5	B1	B2	Texto descriptivo oral e escrito.		5
U6	B3		Ortografía: a sílaba, os hiatos e ditongos.		3

PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO - EDUCACIÓN SECUNDARIA  
OBRIGATORIA

U7	B2	B3	Léxico: os niveis lingüísticos. Rexistros da linguaxe. Léxico do parentesco.	DEC.	2
----	----	----	--	------	---

**2ª avaliación**

UD	Bloque contidos	Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U8	B1 B2	O texto dialogado oral e escrito.	XAN.	3
U9	B3	Introdución á análise sintáctica da oración simple.		9
U10	B1 B2	O texto instrutivo oral e escrito.	FEB.	3
U11	B4 B2 B1	Lectura: <i>La isla del tesoro</i> . Comprensión lectora. Expresión oral (textos narrativos).		7
U12	B4	As figuras literarias.		MAR.
U13	B3	Ortografía: palabras agudas, graves e esdrúxulas. Acentuación.	3	
U14	B3	Léxico: Sinónimos e antónimos; hiperónimos e hipónimos. Léxico dos oficios.	2	

**3ª avaliación**

UD	Bloque contidos	Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U15	B1 B2	O texto expositivo oral e escrito.	MAR.	5
U16	B3	Análise de oracións sinxelas. (Reforzo das clases de palabras e grupos sintácticos).	ABR.	6
U17	B1 B2	O texto argumentativo oral e escrito.	ABR/ MAIO	5
U18	B4	Temas e tópicos literarios.	MAIO	3
U19	B4	Personaxes literarios		1
U20	B3	Ortografía: Consonantes.		1
U21	B3	Léxico: Abreviaturas, derivación, refráns etc.		1

### 5.3. Contidos de 3º ESO

#### 1ª avaliación

UD	Bloque contidos		Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U0 <b>AVAL. INICIAL</b>	B1	B2	Repaso das modalidades textuais, con especial atención ao texto expositivo e argumentativo. Avaliación inicial de comprensión lectora e expresión oral.	SET	4
	B3		Repaso da conxugación verbal. (avaliación inicial).		1
	B3		Repaso das clases de palabras e agrupacións de palabras en grupos sintácticos e oracións simples.	SET./OCT.	7
	B4		Lectura: expresión oral. <i>Cuentos y Leyendas de la Edad Media.</i>	OCT.	2
U1	B1		O debate. A argumentación no debate.		2
U2	B2		As propiedades textuais		3
U3	B3		Morfoloxía. Análise morfolóxica.	NOV.	4
U4	B4		Literatura da Idade Media.	NOV.	9
U5	B3		Ortografía: os diacríticos.	DEC.	1
U6	B3	B2	Léxico/morfoloxía: Formación do léxico do español. Procedementos de formación de palabras I.	DEC.	4

#### 2ª avaliación

Creado con [Programa MIMÉ de www.lecursoseducativos.net](http://www.lecursoseducativos.net)

UD	Bloque contidos	Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U7	B3	Os compoñentes da oración. Análise sintáctica. Clases de oracións.	XAN.	10
U8	B4	Literatura dos Séculos de Ouro: a lírica.	FEB.	10
U9	B3	Ortografía: acentuación de ditongos, tritongos e palabras compostas.	MAR.	3
U10	B3	As perífrases verbais.		2

U11	B2	B3	Léxico: Procedementos de formación de palabras II. Orixe do léxico do español II.		4
-----	----	----	---	--	---

### 3ª avaliación

UD	Bloque contidos	Contido específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións	
U12	B4	B1 B2	A literatura dos Séculos de Ouro: prosa e teatro.	MAR./ ABRIL/MAIO	15
U13	B3		Ortografía de palabras dúbidasas.	MAIO	2
REPASO DOS CONTIDOS ESENCIAIS DO CURSO					5

### 5.4. Contidos de 4º ESO

UD	Bloque contidos	Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U0 AVAL. INICIAL		Repaso das clases de palabras e conxugación verbal.	SET.	3
		Reforzo de léxico e morfoloxía: conversión de palabras a outras categorías.		1
		Repaso de sintaxe: grupos sintácticos e análise da oración simple.	SET./OUT.	11
	B4	Lectura: <i>Relatos de misterio</i> . Comprensión lectora e expresión oral (textos narrativos).	OUT.	2
U1	B1 B2	A publicidade.		4
U2	B1 B2	O texto: repaso das propiedades textuais e da tipoloxía textual (texto narrativo, descritivo, dialogado, instrutivo, argumentativo, expositivo e predictivo).	NOV.	2
U3	B3	Clases de oracións: simples, coordinadas, subordinadas.		7
U4	B4	Literatura: O Romanticismo e o Realismo. Lectura: <i>Tres autores: Bécquer</i> .	DEC.	3
U5	B3	Ortografía: repaso da acentuación.		1

PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO - EDUCACIÓN SECUNDARIA  
OBRIGATORIA

U6		Léxico: Precisión léxica. Ampliación de vocabulario.		1
----	--	--	--	---

**2ª avaliación**

UD	Bloque contidos		Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U7	B1	B2	O texto argumentativo oral e escrito.	XAN.	5
U8	B3		A construción coordinada. A oración xustaposta e coordinada.		4
U9	B4	B1	Literatura: Modernismo e 98. Lectura: <i>Tres poetas: Machado.</i>	FEB.	5
U10	B3		Subordinadas substantivas e adxectivas ou de relativo.		7
U11	B4	B1	Literatura: Novecentismo, vangarda e grupo do 27. Lectura: <i>Tres poetas: Lorca.</i>		MAR.
U12	B3		Ortografía: Palabras e locucións de escritura dubidosa.	1	
U13	B3	B2	Léxico: Uso correcto das palabras. Locucións, frases feitas y refráns.	1	

**3ª avaliación**

UD	Bloque contidos		Contidos específico esencial de cada unidade didáctica.	Mes	Nº aprox. sesións
U14	B2		Documentos administrativos e persoais.	MAR.	4
U15	B3		Oracións subordinadas adverbiais e oracións bipolares.	ABR.	4
U16	B4		Literatura: poesía, narrativa e teatro da posguerra á actualidade.	ABR./ MAIO	10
U17	B3		Ortografía: palabras e locucións de escritura dubidosa.		1
U18	B3		Léxico: Orixes e evolución do castelán.		3

## 6. Metodoloxía

### 6.1. Principios metodolóxicos xerais

O proxecto didáctico que imos iniciar este ano baséase nos catro piares básicos da educación do século XXI, que son, de acordo co informe da UNESCO coñecido popularmente como *informe Delors*, os seguintes:

- a) **Aprender a coñecer:** Trátase de potenciar o desenvolvemento das ferramentas cognitivas que capaciten aos alumnos para vivir na sociedade do coñecemento, para comprender mellor o mundo en toda a súa complexidade, para aprender a aprender e para ser capaces de seleccionar a información.
- b) **Aprender a facer:** Trátase de contribuír a desenvolver as habilidades que permitan ás persoas participar nun mundo que esixe unha grande flexibilidade, capacidade de adaptación e control da incerteza, e que valora as habilidades sociais e saber afrontar as situacións complexas.
- c) **Aprender a vivir:** Trátase de axudar a desenvolver as actitudes e valores que fundamentan os dereitos humanos, a igualdade de xénero, os principios democráticos, o respecto e o entendemento intercultural, o desenvolvemento sostible e a paz en todos os niveis da sociedade e das relacións humanas, para que as persoas e as sociedades poidan convivir en harmonía.
- d) **Aprender a ser:** Trátase de acompañar nos procesos de socialización e construción da identidade propia, contribuíndo ao desenvolvemento global dos alumnos: corpo e mente, intelixencias, sensibilidade, sentido estético, responsabilidade individual etc. Deben gradualmente adquirir a capacidade de dotarse dun pensamento autónomo e crítico e de elaborar o seu propio xuízo para decidir que facer nas distintas circunstancias da vida.

Para conseguir obxectivos tan ambiciosos dentro da materia de Lingua Castelá e Literatura, baseamos os nosos cursos da ESO en catro habilidades esenciais, en torno ás que se artellan todas as actividades, tarefas e traballos dos alumnos:



1º) **Pensamento crítico:** Pretendemos que os alumnos a habilidade que lles permita resolver problemas de todo tipo razoando, xulgando, decidindo a partir dos feitos e, sobre todo, aprendendo a formular as preguntas axeitadas e a considerar todos os puntos de vista cando xurde un novo problema. As actividades están orientadas a que aprendan a reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe e a cuestionar o que nos chega constantemente, para que acaben sendo capaces de xulgar e decidir de forma crítica.

2º) **Comunicación:** Os cursos están deseñados para que aprendan a difundir as ideas e conviccións dunha maneira eficaz, atractiva e responsable, coa linguaxe verbal e non verbal.

3º) **Colaboración:** Ensinámoslles a traballar en equipo e comprometerse co colectivo para alcanzar obxectivos comúns que van máis aló do interese individual.

4º) **Creatividade:** Ensaíamos novas maneiras de resolver problemas.

Para concretar estes obxectivos e principios pedagóxicos recorreremos a técnicas innovadoras, que detallamos nos apartados seguintes.

## 6.2. Rutinas de pensamento

- **Inicio-medio-final:** O alumno debe construír unha historia diferente dependendo de se unha mesma imaxe ou texto dados formen parte do inicio, do nó ou do desenlace.
- **Dez veces dous:** serve para facer observacións detalladas dun obxecto ou imaxe e expresalas mediante palabras ou frases. Obsérvase unha imaxe durante 30 segundo e elabórase unha lista con dez palabras ou frases sobre ela; pónense en común; finalmente, repítense os pasos anterior engadindo dez novas palabras.
- **Vexo-penso-pregúntome:** permite desenvolver a curiosidade, a capacidade de exploración e a creatividade. Ante unha imaxe ou texto, o alumno completa tres columnas apuntando o que ve (sen interpretalo), as ideas que lle suxire o que ve e as preguntas que se lle ocorren. A posta en común evidencia as distintas percepcións dun mesmo obxecto ou realidade.

- **Palabra-idea-frase:** O alumno escolle unha palabra, unha idea e unha frase que lle chamaran a atención nun texto ou que expresen mellor o seu contido. Na posta en común poden alcanzar niveis de comprensión moito máis fondos dos que alcanzarían de xeito individual.
- **3-2-1 Ponte:** Establece unha ponte entre as aprendizaxes novas e os coñecementos previos. Os alumnos escriben tres ideas, dúas preguntas e unha metáfora ou analogía sobre o tema que se traballa. Despois de traballar nas actividades de aprendizaxe, repiten a rutina e comparten o seu pensamento inicial e final.
- **CSI: Color-símbolo-imaxe:** Permite captar a esencia dun texto. Despois da lectura, o alumno selecciona as tres ideas que lle parecen máis representativas. Unha represéntaa mediante cor, outra mediante símbolo e a última cunha imaxe. Serve para analizar unha situación cando hai dificultades de expresión oral.
- **Penso-interésame-investigo:** Amplíanse os coñecementos previos a partir da busca de información. Exponse o tema que se quere tratar e, despois dunha reflexión individual, respóndese ás seguintes preguntas: Que credes que sabes sobre este tema?; Que preguntas sobre este tema interésanche? Que máis che gustaría saber? Como poderías sabelo?
- **Semáforo:** Permite desenvolver o sentido crítico. Analízase un editorial, discurso, noticia etc. e detéctanse sinais de dúbida (afirmacións sen argumentos, xeneralizacións demasiado vagas, interese propio, argumentos unilaterais...), así como feitos obxectivos e contrastados. Deben extraer unha idea falsa, unha certa e outra dubidosa.
- **Conectar-estender-desafiar:** Permite que o alumno conecte as ideas dun tema concreto coas que xa tiña e despois analízanse as novas ideas obtidas a partir da información nova; por último, o alumno reflexiona sobre o reto que lle supón o tema.
- **Os puntos cardinais:** axuda a desenvolver unha idea, concretar o punto de partida e incluso avaliala. Empézase cos puntos positivos, para pasar posteriormente ao que preocupa ao alumno e ao que necesitan saber.
- **Problema-solucións:** pretende que o alumno deduza o problema a partir dunha situación vista ou lida e que propoña hipóteses ou solucións posibles. Desenvolve o pensamento alternativo.

### 6.3. Destrezas de pensamento

- ✓ **As partes e o todo:** Serve para analizar obxectos, ideas, argumentos etc., posto que se centra en identificar todas as partes que forman o “todo” analizado. Nun segundo paso, reflexiónase sobre a importancia ou función das partes máis representativas. Finalmente, cuestiónase que pasaría se non existise algunha das súas partes, coa intención de captar máis a fondo a súa función e importancia no todo.
- ✓ **Compara e contrasta:** Consiste en examinar os obxectos coa finalidade de recoñecer os atributos que os fan tan parecidos ou diferentes. O organizador gráfico pretende guiar ao alumno a pensar de forma eficaz sobre o que vai escribir.
- ✓ **Razoamento por analoxía:** Permite encontrar as propiedades comúns de dúas u máis ideas ou conceptos que comparten algunha característica.
- ✓ **Explicación causal:** Utilízase para relacionar os efectos coas causas que os producen. Os alumnos van achegando ideas sobre as causas que poder producir determinados efectos e vanse rexistrando nun diagrama. Despois, ordénanse e elimínanse as repetidas.
- ✓ **Chuvia de ideas:** Establécese o número de ideas so que se quere chegar; márcase un tempo de traballo e establécense as regras fundamentais: prohibese calquera crítica e acéptase calquera idea. Despois, trabállase sobre as ideas xeradas e selecciónanse algunhas segundo o obxectivo que se persegue.
- ✓ **Toma de decisións:** Ante unha situación relacionada co contexto, hai que tomar decisións, contestando a certas preguntas. Cales son as miñas decisións? Que consecuencias ten cada unha? Que importancia teñen esas consecuencias? Cal é a mellor opción?

Creado con PROGRÁMAME de [www.recursoseducativos.net](http://www.recursoseducativos.net)

### 6.4. Técnicas de traballo cooperativo

Aínda que este ano continúan as restricións por motivos sanitarios debidas á pandemia do COVID-19, que dificultan en certa medida a posta en práctica dunha aprendizaxe plenamente cooperativa, cremos que non fará falta renunciar a todas as técnicas de traballo cooperativo nas que nos fomos formando estes últimos anos e que nos parecían útiles para a materia de Lingua Castelá neste curso que comeza. Quizais sexa posible facer unha versión reducida das

mesmas ou mantelas tal como están pero, naquelas partes do traballo onde os alumnos deben interactuar máis, poderán facelo **de modo dixital**. De todas formas, este ano está permitido compartir material e isto facilita as técnicas de traballo que imos explicar a continuación.

### **Rompecabezas:**

Dividimos a clase en equipos heteroxéneos de catro ou cinco membros. O material obxecto de estudo fracciónase en tantas partes como membros ten o equipo, de modo que cada un deles reciba un fragmento de información do tema, que no seu conxunto van estudar todos os grupos, e non reciba a información que se puxo a disposición dos seus compañeiros para preparar o seu propio “subtema”. Cada membro prepara a súa parte a partir da información que lle facilita o profesor ou que poida buscar. Despois, os integrantes de todos os equipos que estudaron o mesmo subtema forman un “grupo de expertos”, no que intercambian información, afondan nos conceptos clave, constrúen esquemas e mapas conceptuais, aclaran dúbidas etc. A continuación, cada un volve ao seu equipo orixinal e responsabilízase de explicar ao grupo a parte que lle tocouse preparar.

Para levar a cabo esta técnica de traballo, a posta en común dos grupos de expertos e dos equipos orixinais deberá facerse telematicamente. Noutro caso, teremos que suprimir esta técnica de traballo, pois as instrucións que deu a Xunta de Galicia sobre colocación dos alumnos impiden o seu desenvolvemento normal.

### **Grupos de investigación:**

- **Elección e distribución de subtemas:** os alumnos escollen, segundo as súas aptitudes ou intereses, subtemas específicos dentro dun tema ou problema xeral, normalmente formulado polo profesor en función da programación.
- Constitución de equipos dentro da clase: teñen que ser o máis heteroxéneos posible. O número ideal oscila entre tres e cinco.
- **Planificación do estudo do subtema:** os alumnos de cada equipo e o profesor planifican os obxectivos concretos que se propoñen e os procedementos que van utilizar para alcanzalos, ao mesmo tempo que distribúen as tarefas que hai que realizar (atopar información, sistematizala, resumila, esquematizala etc.)
- **Desenvolvemento do plan:** mentres os alumnos desenvolven o plan, o profesor segue o proceso de cada equipo e ofrece axuda.

- **Análise e síntese:** os alumnos analizan e avalían a información obtida. Resúmena para presentala máis tarde ao resto da clase.
- **Presentación do traballo:** cada equipo presenta o traballo realizado e, unha vez exposto, fórmulanse preguntas e respóndese ás posibles cuestións, dúbidas ou ampliacións que poidan xurdir.
- **Avaliación:** o profesor e os alumnos avalían conxuntamente o traballo en equipo e a exposición.

### **Folio xiratorio**

O profesor asigna unha tarefa aos equipos de base (unha lista de palabras, a redacción dun conto, o que saben dun tema concreto para coñecer as súas ideas previas, unha frase que resuma unha idea fundamental do texto que leron ou do tema que estudaron etc.) e un membro do equipo empeza a escribir a súa parte ou aportación nun folio "xiratorio". A continuación, pasa a folia a un compañeiro para que escriba a súa parte da tarefa no folio, e así sucesivamente ata que todos os membros do equipo participaran na resolución da tarefa. Mentres un escribe, os demais membros do equipo deben estar pendentes, fixarse se o fan ben e corríxilo se fai falta. Todo o equipo é responsable do que se escribe no folio xiratorio, non só cada un da súa parte. Cada alumno pode escribir a súa parte cun color diferente (o mesmo utilizado para escribir o seu nome na parte superior do folio), de xeito que se poida ver inmediatamente a achega de cadaquén.

Para poder levar a cabo esta técnica ser incumprir as indicacións sanitarias, será necesario facelo de forma dixital, compartindo un documento en DRIVE.

### **1-2-4**

O profesor formula unha pregunta a toda a clase, por exemplo, para comprobar ata que punto se entendeu a explicación que acaba de desenvolver. Dentro dun equipo base, primeiro ca da membro (1) pensa cal é a resposta correcta á pregunta. En segundo lugar, en parellas (intercambian as respostas), coméntanas e transforman as dúas respostas nunha. En terceiro lugar, todo o equipo (4), despois de ensinar as respostas dadas polas dúas parellas do grupo, teñen que elaborar conxuntamente a resposta máis axeitada á pregunta que se lles formulou.

Para poder realizar esta técnica, pese ás restricións sanitarias, haberá que adaptar a mecánica para que sexa máis segura, por exemplo, traballando sempre en parella sen romper a distancia de seguridade.

### **Roda de lectura**

Para afondar na lectura, frágntase o texto en tantos membros como teñan os grupos de alumnos formados. Repátese un primeiro fragmento. O alumno terá a función de lérllelo ao resto do grupo, o compañeiro da dereita deberá elaborar un resume oral do que oíu e o da esquerda terá que formular hipóteses sobre como continuará a historia. A continuación, o profesor reparte o segundo fragmento e rotarán as funcións dentro do grupo, de xeito que todos acabarán lendo, resumindo ou elucubrando. Cando xa se repartiron todos os textos, o último alumno fai unha valoración das hipóteses formuladas no grupo.

A posta en práctica desta técnica precisa tamén de adaptación, como a realización ao aire libre con máscara e distancia de seguridade, ou novamente a realización telemática.

### **Titoría entre iguais**

Refírese á colaboración que un alumno ofrece a un compañeiro que lle pediu axuda. Debe darse en forma de explicacións detalladas, e non proporcionan solucións xa feitas: a) selecciónanse os alumnos titores e os titorizados, e fórmanse parellas; b) Os titores reciben formación; c) As primeiras sesións teñen lugar baixo a supervisión do profesor; d) continúan as sesións entre os alumnos con supervisión esporádica do profesor.

Esta técnica vai ser difícil de aplicar polo problema do virus, pero, se a vemos necesaria nalgún momento do curso, será posible mantela se combinamos medios dixitais coa distancia de seguridade.

### **O xogo das palabras**

O profesor escribe no encerado varias palabras clave sobre o tema que se está traballando ou que se rematou. En cada un dos equipos base, os alumnos deben formular unha frase con estas palabras ou expresar a idea que se esconde detrás delas. A continuación, cada estudante vai mostrando a frase que escribiu e os demais corríxena, matízana, complétana... Despois, ordénana seguindo un criterio lóxico e un deles encárgase de pasala a limpo. As palabras clave poden ser distintas para todos os equipos ou distintas para que cada equipo base teña unha lista diferente. As frases ou ideas construídas coas palabras clave de cada equipo, que se poñen en común, representan unha síntese de todo o tema traballado.

Para evitar complicacións, pode ser máis fácil traballar en parellas, ou manter os equipos se os alumnos fano na casa con medios informáticos ou telefónicos.

### **O reloxo das citas**

Pódese utilizar esta técnica para iniciar un bloque temático ou para facer un repaso dos contidos. A dinámica normal consiste en repartir un folio cun reloxo con horas, pero sen agullas. Os alumnos deben citarse con outros compañeiros a cada unha das horas, de modo que todos buscarán doce persoas diferentes con quen encontrarse. O profesor irá indicando distintas horas de encontro e reuniranse os dous alumnos implicados. Nese momento, faráselles unha pregunta, que deberán responder entre os dous. Finalmente, poranse en común todas as respostas. Esta técnica non pode realizarse este ano sen unha adaptación grande; se a queremos manter teremos que usar a creatividade para convertela nun procedemento factible e seguro.

### **Mapa conceptual a catro bandas**

Ao acabarmos un tema, como síntese final, cada equipo pode elaborar un mapa conceptual ou esquema que resuma todo o que se traballou na clase sobre o tema en cuestión. A profesora guiará os alumnos no momento de decidir entre todos que apartados deberían incluírse no mapa ou esquema. Dentro de cada equipo de base, repartiranse entre os membros as distintas partes do mapa ou esquema, de maneira que cada alumno terá que ter pensada na casa (ou na clase individualmente, ou por parellas) a parte que lle tocouse. Despois, poñerán en común a parte que prepara cada un, repasarán a coherencia do mapa ou esquema que resulte do traballo e, se é necesario, retocarano antes de dalo por bo e entregar unha copia a da un, que servirá como material de estudo. Se o tema o permite, cada equipo poder facer pola súa banda un resume -en forma de mapa conceptual ou esquema- do tema que se traballou na clase. Dentro de cada equipo, repartirase lo despois as parte que lles tocou e individualmente ou por parellas farán unha subparte da parte do tema que deben facer no grupo. Máis tarde, cada equipo de base expós o resto da súa clase o “seu” mapa conceptual. A suma dos mapas conceptuais de todos os equipos de base representa unha síntese final de todo o tema estudado.

Creado con PRO GRAMAME de [www.recursoeducativos.net](http://www.recursoeducativos.net)

### **Cabezas numeradas**

A profesora propón unha tarefa a toda a clase: responder unha preguntas, resolver uns problemas etc. No seu equipo de base, os alumnos deben levala a cabo e asegurarse de que todos os membro saben realizala correctamente. Cada estudante da clase ten un número (por exemplo, o que corresponda por orde alfabética). Unha vez que se esgote o tempo asignado por completar a tarefa, a profesora saca un número ao chou dunha bolsa na que hai tantos números como alumnos. O estudante que teña o número que saíra deberá explicar perante toda a clase a tarefa que realizou. Se o fai correctamente, o seu equipo de base obtén unha recompensa

(unha “estrela”, un punto etc) que será tida en conta na cualificación da tarefa. Nese caso, tocaralle falar ante a clase a un só estudante de cada equipo. Se hai máis tempo, pode sortearse outro número para que saia outro estudante (sempre que forme parte doutro equipo base).

### 6.5. Técnicas de aprendizaxe activa

- ✓ **Visual Thinking:** é unha ferramenta que consiste en verter e manipular ideas mediante debuxos simples e que se recoñezan facilmente, creando conexións entre eles coa finalidade de entendelos mellor e definir obxectivos.
- ✓ **Nube de palabras:** é unha representación visual das palabras que nos describen un contido, en distintos tamaños de letras, tipografías, cores e direccións. Cunha soa ollada permite ver as palabras clave ou máis importantes. O conxunto de todas as palabras dá lugar a diferentes formas.
- ✓ **Role Play:** Xogo de rol en que cada un desenvolve un determinado rol, papel ou personalidade, interpretando unha situación dada.
- ✓ **Códigos QR:** sistema de almacenamento de información (presentación, vídeo, formulario etc.) dentro dun gráfico que posteriormente pode interpretarse ou descodificarse por un lector específico.
- ✓ **Mapas mentais:** son un diagrama utilizado para representar palabras, ideas, tarefas ou outros conceptos enlazados e dispostos arredor dunha palabra clave ou idea central. Son un método moi eficaz para extraer e memorizar información.
- ✓ **Vídeos tutoriais:** vídeos explicativos sobre un tema. O alumno pode acceder a este recurso e visualizalo tantas veces necesite.
- ✓ **Ditados en movemento:** práctica que pon en xogo elementos comunicativos como a comprensión lectora, a lectura en voz alta, a escritura etc. Fronte ao ditado tradicional, o alumno convértese nun elemento activo, xa que debe escoitar, entender, escribir, revisar e comentar.
- ✓ **Chaves dicotómicas:** códigos que serven para clasificar, consistentes nun conxunto de preguntas que teñen dúas respostas e que, contestadas sucesivamente, conducen á identificación da solución.
- ✓ **Aprendizaxe baseado en problemas:** proceso de investigación que resolve problemas, curiosidades, dúbidas ou incertezas sobre situacións cotiás. Baséase na aprendizaxe sobre a procura, a comprensión, a asimilación e a aplicación de coñecementos.



- ✓ **Realidade aumentada:** ferramenta tecnolóxica que permite superpoñer elementos virtuais sobre a nosa visión da realidade.

Outras técnicas que, pertencendo ao proxecto, deberemos pospoñer, adaptar ou eliminar durante este curso (segundo a evolución da pandemia) son:

**Aprendizaxe baseada en xogos:** o uso da caixa de xogos de cada curso, do proxecto Asterisco, non será posible, porque implica manipular fichas, dados, tarxetas... por varios xogadores, e iso é incompatible coa seguridade nestes tempos de COVID. Deixaremos de momento en suspenso esta técnica tan motivadora para os alumnos. Outro tanto ocorre coa **gamificación** e cos **xogos de escapada educativos**, que son difíciles de poñer en práctica sen unha adaptación grande que desvirtúa en certa medida o seu carácter motivador e innovador.

#### 6.6. Outras estratexias metodolóxicas

Para que a clase sexa todo o tempo dinámica, pese ás enormes limitacións impostas pola pandemia, e o alumno, afeito a clases máis dinámicas, non se aburra, distraia e desconecte da clase, incorporamos sempre pequenas estratexias de aprendizaxe breves e dinámicas que o obrigan a estar todo o tempo atento, e que substitúen ás longas explicacións do ensino tradicional. Entre elas:

- **Realizacións de diagramas de Venn:** ilustracións que permiten representar graficamente a agrupación dos conceptos ou conxuntos mediante un círculo ou óvalo e analizar que relación ou interacción hai entre eles.
- **Elevator pitch:** discurso de presentación exprés para persuadir o receptor no tempo que fura unha viaxe en ascensor (45 segundos ou un minuto).
- **DAFO:** método de planificación estratéxica para avaliar as debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades dun proxecto.
- **Storyboard ou guión gráfico:** conxunto de ilustracións mostradas en secuencia co obxectivo de servir de guía para entender unha historia.
- **Kanban:** metodoloxía de organización de tarxetas visuais que permite xestionar de maneira xeral como se van completando as tarefas dun proxecto.

### 6.7. Agrupamento dentro da aula

Este ano, debido á complicada situación sanitaria, non son posibles os agrupamentos físicos dentro da aula, senón que cada alumno debe ocupar o mesmo sitio durante todo o curso. O lugar está marcado no chan da aula para que as mesas se manteñan sempre á distancia de seguridade. Con todo, para determinadas tarefas, pódense establecer outros “agrupamentos virtuais”, aínda que non supoñan un achegamento físico; serán máis ben grupos establecidos de traballo para intercambio de ideas, que poderán efectuarse a distancia, utilizando as tecnoloxías da comunicación, ou, en actividades moi concretas, ao aire libre, sempre con máscara e gardando a distancia de seguridade. Tamén dentro da propia aula, poderán traballar en parella ou pequenos grupos entre os alumnos que están sentados cerca, intercambiando ideas e información.

### 6.8. Materiais de traballo

Os materiais principais son os que constitúen o Proxecto Asterisco, da Editorial Didacta Plus. É un proxecto de aprendizaxe competencial, con moita presenza do método cooperativo (que este ano non pode aplicarse coa plenitude que nos gustaría) e que pretende ensinar aos alumnos a aprender e interiorizar habilidades de razoamento que os axuden a estudar calquera materia das que forman o currículo. A metodoloxía deste proxecto foi amplamente desenvolvida nos epígrafes anteriores. Este proxecto conta cunha caixa de ferramentas (que consiste en esquemas e resumos teóricos que os alumnos poden consultar como axuda para realizar as actividades e tarefas); cadernos de actividades para cada alumno e libros de lectura cooperativa. Tamén conta con caixas de xogos que, afortunadamente, este ano poderemos empezar a usar, porque aínda que implican a manipulación de obxectos (cartas, tarxetas, dados...), este curso está permitido compartir material, coas debidas precaucións e aplicando os métodos de desinfección que sexan posibles.

Creado con PROGRAMAME de [www.recursoseducativos.net](http://www.recursoseducativos.net)

Ademais dos recursos xerais que xa nomeamos máis arriba (pantalla dixital, ordenador con reprodutor de CD/DVD, sala de informática e biblioteca do centro), utilizaremos os seguintes materiais de traballo:

- Aula virtual da Xunta de Galicia, que utiliza a plataforma de teledocencia *Moodle*. Utilizámola para fornecer os alumnos de materiais teóricos e prácticos que complementen as clases
- Cadernos de traballo do **Proxecto Asterisco** (Editorial *Didacta +*), con exercicios, actividades e tarefas: Cadernos de 1º ESO, 2º, 3º e 4º.

- Plataforma *Blinklearning*, para facer as actividades a distancia en caso de confinamento e tamén para facelas voluntariamente de forma dixital mentres duren as clases presenciais. Permite repetir as actividades, corríxilas e obter unha cualificación máis alta recuperando os estándares nos que a alumno non obtivera unha boa cualificación. Todos os alumnos teñen licencia para traballar nesta plataforma vinculada ao Proxecto Asterisco durante o curso 2021-2022.
- Encerado dixital.
- Caderno ou portafolios dos alumnos: teñen que seguir unhas normas de utilización que se lles indican o primeiro día de curso e teñen que engadirilles os materiais fotocopiados que lles achegue o profesor.
- Textos extraídos de xornais de distintos ámbitos, tipos e ideoloxías.
- Actividades extraídas de distintos manuais ou, preferentemente, deseñadas pola propia profesora (que haberá que incorporar ao caderno).
- Dicionario da lingua española, en papel ou dixital.
- Libros de lectura obrigada.
- Libros axeitados para aos nosos alumnos, que poidan atraerlles por ser próximos aos seus gustos, intereses e, en todo caso, orientados á súa idade. Levarémolos a clase coa fin de animar á lectura.
- Procesador de textos: para 1º e 2º de ESO, nos ultraportátiles proporcionados polo proxecto ABALAR; para 3º e 4º de ESO, nos PC da aula de informática.
- Ordenadores portátiles do proxecto EDIXGAL para os alumnos de 1º e as profesoras correspondentes.
- Recursos provistos polo proxecto EDIXGAL (1º ESO).
- Materiais multimedia: fragmentos de películas, gravacións de romances, de lírica popular, de poesía culta ...
- Blog de Lingua española e literatura “La fragata de papel” ([lafragatadepapel.blogspot.com](http://lafragatadepapel.blogspot.com)), creado e mantido pola xefa do Departamento.
- Outros recursos dixitais na rede, particularmente, páxinas web referidas a distintos contidos do curso e actividades interactivas ...
- Vídeos extraídos dos medios de comunicación, acompañados de preguntas para avaliar a súa comprensión oral e para estimular a súa expresión e o razoamento lóxico.

## 7. Avaliación

### 7.1. Procedementos de avaliación inicial

A principio de curso, en todos os niveis da ESO, estableceremos un **período de avaliación inicial** que coincidirá co tempo inicial de repaso dos coñecementos da materia, no que os alumnos van lembrando e activando contidos que aprenderon con anterioridade. Tamén utilizaremos o mes de avaliación inicial para reforzar os contidos do ano anterior; será un **período de reforzo e repaso**, no que extremaremos a atención e rexistraremos todo o que nos pareza relevante. Avaliaremos con máis detalle e de modo máis individualizado os alumnos dos que se teña constancia de teren dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais ou frecuentes fracasos na materia.

Os alumnos serán obxecto dunha avaliación inicial prolongada durante as tres ou catro primeiras semanas, onde estaremos atentos ás respostas de cada alumno, ás súas producións orais e escritas e a calquera outro dato relevante para determinar a súa situación real e as posibles medidas correctoras que se han de adoptar.

En 1º de ESO faremos tamén unhas probos iniciais específicas de competencias comunicativas tanto orais como escritas, que servirán para decidir que alumnos precisan a axuda dos profesores de apoio e clases de reforzo. Tamén servirán para decidir se hai que tomar medidas especiais de atención á diversidade e, desde logo, para adaptar a metodoloxía e os contidos aos coñecementos previos dos alumnos.

### 7.2. Procedementos para a avaliación continua

A organización da materia é totalmente progresiva, de modo que a superación dos contidos da avaliación 2ª ou 3ª implica a recuperación das avaliacións anteriores, xa que en todos os trimestres se irán incorporando os contidos básicos correspondentes aos anteriores e os principais estándares de aprendizaxe.

Os instrumentos de avaliación xa se especificaron nas táboas do apartado 5 desta programación. Os máis frecuentes e comúns a todos os cursos son:

- Actividades de comprensión e expresión oral.
- Corrección dos exercicios, actividades e tarefas feitas no caderno ou en soportes especiais (arquivos de ordenador, murais, *portfolio*...)

- Corrección de traballos escritos planificados e multimedia: redaccións e proxectos de grupo.
- Escoita e análise dos traballos longos de exposición oral planificados.
- Observación das intervencións orais dos alumnos que, polo método que empregamos, son moi frecuentes: respostas a preguntas orais, lectura en voz alta ... A maior parte das actividades e tarefas pasan pola posta en común co grupo, onde se poden comentar, completar, corrixir coa axuda dos compañeiros e da profesora. En todos os casos o rexistro lévase a cabo por medio de escalas numéricas (do 1 ao 4).
- Observación e rexistro do aproveitamento da hora de clase: atención, aplicación, traballo escrito.
- Actividades de comprensión escrita, incluíndo as tarefas sobre os libros de lectura (clásicos da literatura) asignados a cada curso.
- Rexistro dos logros competenciais que demostran os alumnos nos faladoiros sobre lecturas de escolla libre, sempre en relación aos estándares de aprendizaxe correspondentes á lectura (bloque 4 do currículo).

Nas tarefas complexas e proxectos de traballo avaliaremos as habilidades complexas de análise, síntese e valoración; a responsabilidade persoal; os hábitos de traballo individual ou en grupo; as capacidades xerais e aplicadas (comprensión lectora, estudo histórico e literario, expresión escrita e oral, capacidade de relación, dedución, extrapolación... ) e as capacidades comunicativas de estruturación e presentación da información.

É moi importante entender que **non haberá exames tradicionais** (que recollen contidos de unha ou máis unidades didácticas), senón que o profesor consignará diariamente o conseguido por cada alumno, referenciándoo sempre ao estándar de aprendizaxe a que cada exercicio, actividade ou tarefa vai asociado. Algúns destes exercicios faranse de forma individual e en silencio (á maneira dun exame), para comprobar, despois dun período de estudo e traballo, o que cada alumno asimilou e é capaz de facer individualmente. Estes exercicios individuais están moi lonxe de poder ser considerados exames por varias razóns:

- Polo xeral, non mesturan distintos contidos como nas probas escritas tradicionais, senón que son referidos a un contido único ou a unha habilidade específica e asociados cun estándar determinado.
- Non teñen peso maior que as outras actividades, é dicir, non teñen máis importancia na cualificación que as actividades similares que fixeron cada día na clase sos o coa axuda

dos compañeiros. Por tanto, non se lles asigna ningunha porcentaxe que supoña privilexiar a avaliación deste tipo de actividades sobre a das outras.

- Aínda que o ambiente da aula sexa similar ao dun exame, poden solicitar en todo momento a axuda da profesora, que nos lles fai o exercicio enteiro, pero resolve dúbidas importantes, sinala erros ou puntos onde deben poñer atención. Consideramos que este momento de traballo/avaliación é quizais o máis importante para a aprendizaxe, de modo que non nos importa dicirlles parte da solución do exercicio se observamos que desta maneira os alumnos están por fin aprendendo algo que no balbordo do traballo en común non son quen de assimilar.

En caso de confinamento de algún alumno por contaxio ou por contacto cunha persoa contaxiada, non será necesario modificar o sistema de avaliación, posto que os alumnos continuarán traballando de maneira semellante a como fan na aula, a través da plataforma *Blinklearning* (cadernos de actividades dixitais da editorial Didacta) e a Aula Virtual da Xunta de Galicia. Como a avaliación non se fai mediante exames, traballar a distancia non supón ningún cambio na nosa forma de avaliar. Todas as actividades e tarefas que fan os alumnos son obxecto de avaliación. En todas e cada unha delas consígnanse os estándares e competencias traballados e asígnaselles unha cualificación.

### **Cualificación do trimestre**

Para **calcular a cualificación global** do trimestre que se consignará no XADE e nos boletíns informativos que os alumnos levan a casa, hai que ter en conta que non hai exames tradicionais e que a avaliación realízase única e exclusivamente por estándares.

Calculamos a media aritmética da cualificación de todas as actividades e tarefas referidas a un mesmo estándar para obter a cualificación do estándar correspondente.

Creado con PROGRÁMAME de [www.recursoeducativos.net](http://www.recursoeducativos.net)

Calculamos a media ponderada das cualificacións dos distintos estándares, tendo en conta que existen estándares normais (peso 1) e estándares especiais (peso 3), é dicir, que hai estándares cuxa cualificación supón o triplo do valor dos demais, como se deduce das distintas porcentaxes que consignamos nas táboas do apartado 4 máis arriba.

A este procedemento xeral para calcular a nota debemos engadir os seguintes aspectos:

1. Os proxectos de escritura e busca de información voluntarios e os libros de lectura voluntaria poderán subir a nota, dependendo do número de escritos entregados e a súa calidade, e do grosor e dificultade dos libros lidos, ata un máximo de 1 punto por trimestre.

En cada avaliación, ademais das lectura obrigatorias (propostas polo profesor) haberá a posibilidade de traballar sobre lecturas de elección libre. Ao longo de todo ano hai que ler polo menos un libro de elección libre, e voluntariamente todos os que o alumno queira. Estas lecturas voluntarias son as que serven para mellorar a cualificación.

- 2. Na segunda e terceira avaliación** o cálculo da nota terá en conta o traballo dende comezo de curso. Non se limitará aos estándares traballados no último trimestre, senón que se terán en conta todas as cualificación ata o momento e, dese modo, será posible que o alumno recupere avaliacións suspensas mediante a avaliación continua, sen necesidade de probas extraordinarias de recuperación. En caso de ter suspensa a avaliación anterior, o alumno pode recuperala superando a seguinte, xa que os estándares principais vanse incorporando ao longo de todo o curso. **Para obter a cualificación numérica que figurará no boletín da 2ª avaliación, calcularemos o 75% do resultado da avaliación por estándares do segundo trimestre e sumámoslle o 25% do acadado na primeira avaliación. Do mesmo xeito, a cualificación da 3ª avaliación será o resultado de aplicar a mesma operación entre os resultados do terceiro e o segundo trimestre.**

Desta forma, a nota que recibe o alumno en cada momento recollerá con rigor a avaliación continua e progresiva dende o comezo ata o final de curso.

### **7.3. Procedemento de recuperación e avaliación final**

Polo procedemento que explicamos detalladamente no apartado anterior, esa nota reflicte os resultados de todo o ano porque, de forma progresiva, recollerá as cualificacións de todas as avaliacións.

Creado con PROGRÁMAME de [www.recursoseducativos.net](http://www.recursoseducativos.net)

Tendo en conta que as últimas probas de xuño recollen os contidos básicos de todo o ano, non é necesaria a realización dunha proba específica ou “exame global”, posto que todas as probas (escritas ou orais), ao longo de todo o ano, son globais en certa medida. Polo tanto, abonda con aprobar a terceira avaliación da forma que se explicou detalladamente no apartado anterior 7.2. para ter recuperadas as avaliacións anteriores e, por conseguinte, aprobar o curso.

Os alumnos que non consigan aprobar a terceira avaliación polo procedemento que se explica no apartado 7.2. terán dúas semanas para realizar actividades de reforzo e

recuperación, deseñadas de xeito individual e escollidas entre os contidos básicos do curso que non superaran ata o momento. Serán actividades guiadas en todo momento pola profesora, aínda que os alumnos, ao rematar o período de recuperación establecido, deberán demostrar certa soltura e autonomía no traballo. A realización satisfactoria destas actividades suporá o aprobado na materia sen que o alumnado se teña que someter a exame global ou parcial ningún.

Pola súa parte, os alumnos que teñan aprobada a materia na terceira avaliación, seguirán traballando certos contidos de reforzo ou ampliación, incluíndo tarefas de titorización e axuda aos alumnos coa materia suspensa (traballo cooperativo). Os que demostren un claro aproveitamento destas dúas semanas de traballo e/ou axuden aos compañeiros a superar a materia, recibirán unha cualificación final superior un punto superior á da terceira avaliación. Os alumnos que non se impliquen de xeito especial no traballo destas dúas semanas ou non demostren a adquisición de coñecementos ou destrezas novas ás que foron acadando ao longo do curso recibirán a mesma cualificación que na terceira avaliación.

#### **7.4. Avaliación de materias pendentes.**

##### **7.4.1. Contidos esixibles aos alumnos con materias pendentes**

Os alumnos que teñan pendente a materia de Lingua castelá e Literatura serán avaliados dos contidos considerados esenciais en cada curso. Non realizarán exames nin probas escritas, senón que irán recuperando a materia mediante a realización de actividades do curso superior no que están matriculados que conteñan contidos comúns ao curso anterior que alumno ten pendente. En todo caso, a profesora sempre terá en conta o nivel de consecución do obxectivo que se persegue correspondente ao curso que o alumno pretende recuperar.

Creado con PROGRAMAME de [www.recursoseducativos.net](http://www.recursoseducativos.net)

##### **7.4.2. Programa de reforzo para os alumnos con materias pendentes.**

Os alumnos que teñan pendente a materia de Lingua Castelá e Literatura de cursos anteriores ao nivel que cursan no ano 2021-2022 recibirán da profesora o reforzo necesario para axudarlles a superar a materia pendente. Posto que non haberá exames de recuperación de pendentes e o alumno só debe realizar os exercicios da clase á que asiste no nivel correspondente ao curso anterior que ten pendente, o reforzo terá lugar na propia aula e incluírá o apoio, as explicacións e as correccións das actividades por parte da profesora.



As actividades de recuperación consistirán nunha selección de actividades semellantes ás que o alumno xa fixo no curso anterior que correspondan aos obxectivos mínimos. Ademais, a profesora atenderá aos alumnos, se estes o demandan, durante a hora do recreo, para resolver todas as dúbidas que lles xurdan na realización das actividades, e para corrixir, se é o caso, as que teñan feitas cada semana.

Ademais do material de reforzo, recibirán atención especial na aula para axudarlles a traballar aqueles aspectos do curso actual que coincidan ou se baseen nos coñecementos do curso que teñen pendente.

#### **7.4.3. Actividades de avaliación e procedemento de cualificación dos alumnos con materias pendentes.**

Os alumnos serán avaliados polo seu traballo coas actividades de reforzo, que terán que ser realizadas dun modo satisfactorio e revisadas e modificadas con interese. Nas avaliacións segunda e terceira, cuxos contidos son progresivos e acumulativos, a cualificación terán en conta todos os estándares do curso pendente traballados ata o momento desde principio de curso. Deste xeito, a cualificación reflectirá de forma máis rigorosa o traballo do alumno ao longo do curso e a avaliación continua.

A nota final da materia pendente será o resultado de redondear por aproximación a media aritmética das tres avaliacións.

#### **7.4.4. Recuperación de materias pendentes mediante a avaliación continua do nivel superior no que se atopa matriculado o alumno.**

No momento que o alumno aprobe algunha das avaliacións do nivel superior no que se atopa matriculado, recuperará automaticamente a materia pendente e quedará exento da supervisión e actividades de reforzo das que falamos nos apartados anteriores.

### **8. Avaliación do ensino, da práctica docente e da propia programación.**

Ao finalizar cada trimestre, é necesario revisar se o proceso de ensino e aprendizaxe está a dar os froitos que esperabamos ao elaborar a programación. Para que a revisión sexa eficaz, é necesario preguntarse polos distintos compoñentes da actividade docente: a) o proceso de ensino, b) a práctica docente e c) o propio documento da programación didáctica. Cando remata

o trimestre e os alumnos están avaliados, é o momento de facer un exame detallado destes aspectos, para o cal aplicaremos as táboas seguintes:

<b>Avaliación do proceso de ensino</b>	Escala			
	1	2	3	4
Aspectos que se avalían				
Adaptación dos métodos de ensino ás características dos alumnos				
Grao de dificultade das probas de avaliación ás características dos alumnos				
Variación motivadora dos métodos de ensino e dos procedementos de aprendizaxe				
Estratexias para conseguir a participación de todo o alumnado				
Implicación das familias no traballo co alumnado				
Medidas para atender a diversidade do alumnado				
Medidas para atender aos alumnos con NEAE				
Combinación diversa e adecuada de instrumentos de avaliación				
Observación do traballo na aula con peso real na cualificación				
Avaliación do traballo colaborativo dos alumnos organizados en grupos				
Observación, valoración e avaliación do resultado dos proxectos de traballo				

<b>Avaliación da práctica docente</b>	Escala			
	1	2	3	4
Aspectos que se avalían				
Explicacións para todo o alumnado				
Explicacións individualizadas para o alumno que as precisa				
Actividades de distinta dificultade para atender a diversidade				
Probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con ACI				
Distinto ritmo de traballo e para realización de probas para os alumnos con NEAE				

PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO - EDUCACIÓN SECUNDARIA  
OBRIGATORIA

Distintas estratexias metodolóxicas segundo os contidos				
Alternancia de traballo individual e en equipo				
Estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral				
Utilización das TIC nos procesos de ensino – aprendizaxe				
Atención aos temas transversais incluídos vinculados a cada estándar				
Rapidez en mostrar aos alumnos os resultados das distintas probas e exames				
Comentario e explicación dos erros máis significativos das probas e exames				
Posibilidade de que cada alumno vexa e comente os seus propios fallos				
Realización das ACIs propostas e aprobadas				
Adaptación das medidas de apoio e reforzo aos estándares de aprendizaxe				
Avaliación da eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación				

<b>Avaliación da programación didáctica</b>	<b>Escala</b>			
	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
Aspectos que se avalían				
Deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo oficial				
Secuenciación e temporalización das unidades didácticas e proxectos				
Desenvolvemento da programación acorde coa secuenciación e temporalización establecidas				
Modificación dos contidos previstos na programación (eliminación ou amedadura)				
Secuenciación dos estándares para cada unidade didáctica e bloque de contidos				
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación				
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos de avaliación				
Establecemento do peso no conxunto da cualificación de cada instrumento de avaliación para cada estándar de aprendizaxe				

PROGRAMACIÓN E CURRÍCULO - EDUCACIÓN SECUNDARIA  
OBRIGATORIA

Vinculación de cada estándar cos temas transversais que se traballarán				
Estratexia metodolóxica e de avaliación común para o departamento				
Establecemento dunha secuencia habitual de traballo na aula				
Avaliación dos materiais didácticos utilizados				
Avaliación do libro de texto escollido				
Plan de avaliación inicial e consecuencias dos resultados				
Pautas xerais para avaliación continua				
Pautas para a recuperación dos estándares non superados				
Criterios para a avaliación final				
Criterios para a avaliación extraordinaria				
Criterios para o seguimento e avaliación de materias pendentes				
Elaboración dos exames de acordo co valor de cada estándar				
Vinculación dos programas de reforzo e recuperación aos estándares				
Medidas específicas de atención aos alumnos con NEE				
Realización das actividades complementarias previstas				
Información ás familias sobre os aspectos máis salientables da programación				
Revisión da programación ao longo do curso				
Contribución da materia ao plan de lectura do centro				
Contribución da materia ao plan de convivencia				
Uso das TIC				

Creado con PROGRAMAME de [www.recursoseducativos.net](http://www.recursoseducativos.net)

Os aspectos que reciban unha cualificación de 1 ou 2 deberán ser revisados e provocarán os cambios necesarios na programación, na metodoloxía ou na práctica diaria.

## 9. Atención á diversidade

### 9.1. Medidas ordinarias

#### Medidas organizativas

Tras a avaliación inicial, o departamento de Lingua castelá e Literatura en colaboración co departamento de Orientación decide os alumnos que teñen dificultades específicas non permanentes que non precisan modificacións significativas do currículo, pero si moita axuda para conseguir os obxectivos propostos. Este ano, todos os cursos da ESO terán a posibilidade de recibir o apoio da profesora especialista e Pedagogía Terapéutica, M<sup>a</sup> Lorena Martínez, dentro da aula común. Nas horas de reforzo, utilizaranse ás veces materiais específicos de atención á diversidade e, aínda que os alumnos realizarán, por regra xeral, as mesmas actividades que o resto dos compañeiros, ocasionalmente se suprimirán as actividades máis complexas e se substituirán por actividades máis sinxelas que, perseguindo os mesmos obxectivos, sexan máis axeitadas ás capacidades e características dos alumnos con NEE.

En 3º e 4º de ESO a atención incluirá a simplificación das preguntas e a explicación das tarefas dun xeito menos complexo ao esperable neste nivel de formación.

Noutra orde de cousas, de darse o caso de ter que enviar algún alumno á aula de convivencia, proporcionaráselle o traballo que debe facer na hora de clase. Como este tipo de alumnos con condutas disruptivas normalmente non seguen o ritmo da clase nin son capaces de facer sos as actividades habituais, proporcionaráselles exercicios adaptados de comprensión lectora e expresión escrita básica, que poden ser supervisados polo profesor de garda e que, en todo caso, serán supervisados posteriormente polo profesor da materia.

#### Medidas curriculares

- Creación de grupos de traballo (aprendizaxe por proxectos) no que os alumnos colaboran e se axudan uns aos outros. Procuramos combinar nun mesmo grupo alumnos avantaxados con alumnos que presentan algún tipo de dificultade para que se axuden uns aos outros, se apoiem mutuamente e se complementen. Este curso os equipos deberán traballar coa axuda das tecnoloxías da información e comunicación, para diminuír as posibilidades de contaxio.
- Adaptación do tempo de realización das probas escritas para alumnos que necesitan un ritmo máis lento de traballo (tanto para a comprensión dos textos, como para a escritura

das respostas). En casos excepcionais tamén se adapta o tempo de entrega de traballos complexos.

- Realización de tarefas de expresión oral na aula de Pedagogía Terapéutica, con carácter moi excepcional no caso de alumnos cunha timidez patolóxica para os que a presenza dos compañeiros resulta ser un obstáculo insuperable.
- Atención especial aos alumnos repetidores: simplificación das preguntas que se lles fan na clase cunha supervisión maior dos contidos nos que fracasaron o ano anterior. Ademais, a estes alumnos aplicaráselles as medidas establecidas no **“Plan de atención ao alumnado repetidor”** do centro.
- Actividades con distinto nivel de dificultade e criterios de avaliación que reflicten distintos niveis de logro. Incluímos actividades máis complexas para os alumnos con capacidade alta que poden seguir un ritmo de traballo máis avanzado que o do conxunto do grupo e producir traballos de calidade superior.
- Traballo por parellas cuxos membros axúdanse e un supervisa e corrixe o traballo do outro. Procuramos xuntar alumnos avantaxados nunha habilidade concreta con outros que teñen dificultades.

## 9.2. Medidas extraordinarias

- Os alumnos que necesiten adaptación significativa no currículo (ACS) para poder completar a etapa de ensino obrigatorio, recibirán tamén o apoio da P.T., pero seguirán vinculados ao grupo de referencia e recibirán todas as clases na aula común. Neste curso 2021-22 aínda non se decidiu se hai algún alumno nesta situación. Seguirán unha programación adaptada á súa competencia coas seguintes características:

- Eliminamos os obxectivos de aprendizaxe para os que o alumno non ten capacidade.
- Modificamos á baixa aqueles para os que a súa capacidade é limitada.
- Incorporamos obxectivos de aprendizaxe de cursos anteriores que o alumno necesite repasar e asimilar outra vez porque son indispensables para novas aprendizaxes.
- Seleccionamos os contidos necesarios primando o carácter práctico e funcional. Atendemos en todo caso aos contidos básicos sinalados para o seu curso.

- Seleccionamos as capacidades: limitámonos ás capacidades máis accesibles para estes alumnos, polo xeral, as de memorización, comprensión básica e aplicación directa.
- A coordinación coa PT, tanto para os alumnos con reforzo educativo como para os alumnos con ACS realízase dúas veces á semana:
  - Ao principio da semana (luns) mantense unha reunión máis longa onde se distribúe todo o traballo da semana e se comparten os materias que se utilizarán nas clases. Os alumnos que reciben clase da PT deben estar traballando exactamente os mesmos contidos que os que quedan na aula común para que sexa posible que sigan as clases que reciben co resto dos compañeiros. Iso obriga a programar con todo detalle o que se traballará cada día da semana: contidos, actividades, materiais.
  - Na metade da semana (probablemente, os mércores) haberá un encontro máis breve para asegurarnos de que o que se planificou se está cumprindo e para adaptar ou modificar os aspectos que o precisen en vista do desenvolvemento das clases.

Hai que ter en conta que non dispomos nos nosos horarios dunha hora dedicada á coordinación, polo que temos que aproveitar as horas sen clase para que todo marche segundo o esperado.

## 10. Actividades complementarias e extraescolares

A necesidade de sermos extremadamente cautos na prevención do contaxio dificulta a realización de actividades complementarias e extraescolares durante este curso. De momento, só contemplamos a participación en certames literarios e de escritura, autonómicos ou nacionais, que se convoquen ao longo do curso e cuxos obxectivos coincidan cos desta programación, en concreto, concursos de microrrelato, conto e poesía.